



## Melloro a lectura

- ▶ Escoita e despois le pronunciando ben as palabras destacadas.  
Os obxectos de cristal **reciclarémoslos** e **poderemoslles** dar outra vida.
- ▶ Le o texto e presta atención á pronuncia das palabras longas.

## Un frasco de perfume

A avoa de Daniel estaba acabando de **aviarse** para saír a pasear. De súpeto, un ruído de cristais rotos chegou ao comedor desde o baño.

—Clic, clac, cataclac!

Inmediatamente, oíuse un lamento:


—Ai, o meu perfume! Que desgusto!

A familia enteira acudiu correndo ao baño, temendo que a avoa Piruca se cortase cos cristais. Por sorte, non lle pasara nada, pero choraba desconsolada vendo o frasco de perfume **escachizado** no chan.

—Ai, ai, ai! Ai, que desgusto! —repetía.

A pobre tiña motivos para chorar. Non era polo frasco, aínda que era ben bonito. Tampouco era polo perfume, aínda que tiña un delicioso recendo a rosas silvestres. Piruca choraba porque aquel frasco, que ela enchía cada vez coa súa fragancia preferida, era un recordo de familia. Antes ca ela, usárao a súa nai, e antes aínda, a súa avoa.

Daniel, que adoraba a avoa e non soportaba vela chorar, colgóuselle do pescozo.



—Non chores, avoíña! Sabes que imos fazer?  
 Xuntamos todos os anaquiños de cristal  
 e levámolos ao colector para reciclarlos!  
 A avoa **enxugou** as bágoas e dedicoulle  
 un breve sorriso.

—Si, fillo. É o que hai que facer cos cristais. Pero,  
 iso non me vai devolver o meu frasquiño... —lamentouse.

Daniel, que acababa de traballar no colexio todo o proceso  
 da reciclaxe, explicoulle:

—Sabes, avoa? Co vidro do colector fanse unha chea de cousas novas: botellas  
 de aceite, botes de marmelada... Iso quere dicir que o teu frasquiño de cristal vai  
 continuar polo mundo! Que che parece, avoa? Non vai desaparecer de todo!

Aquela idea devolveulle a alegría a Piruca. Ilusionada, xuntou coa vasoira  
 os anaquiños de cristal e, en compañía de Daniel, depositounos no colector  
 verde.

Desde aquel día, cada vez que cae nas mans de Piruca unha botella,  
 un bote ou un frasco de cristal, os seus dedos engurrados acarician o envase  
 con tenrura. Quen sabe se estará acariñando un anaquino do frasco de perfume  
 que, tantos anos atrás, lle regalara a súa nai!

*Busca as palabras destacadas  
 en O meu primeiro dicionario,  
 ao final do libro.*



#### ANTES PENSABA... AGORA PENSO...



Lembrade o que pasou co frasco e comentade.

- ▶ Que fan na vosa casa cando rompe algúun obxecto? Onde o tiran?
- ▶ Pensabades que cos fragmentos dun obxecto roto se podía fabricar outra cousa? Como?
- ▶ Que pensades do que lle explica Daniel á avoa? Credes que ten razón? Por que?



PENSAMENTO

# Tempo para ler



1 Por que choraba a avoa? Marca.

- Porque lle regalaran un frasco de perfume que tiña unha forma moi bonita e orixinal.
- Porque lle rompera un frasco que contiña un perfume que daba moi bo olor.
- Porque lle rompera un frasco de perfume que fora da súa nai e, antes, da súa avoa.



2 Que lle dixo Daniel á avoa? Colorea o globo correcto.

*Se botamos o frasco no colector para reciclarlo, daránche un novo.*



*Se botamos o frasco no colector para reciclarlo, continuará existindo.*

3 En que colector botaron os anacos do frasco roto? Subliña.

- No colector amarelo.
- No colector azul.
- No colector verde.

4 Que pensa a avoa que pode estar acariciando cando colle un envase de vidro reciclado? Explica.

---

---

---



5 VOCABULARIO. Cal destas palabras non nomea un envase? Risca.

lata

cadro

brik

bote

botella